

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*EXTRACTO da Resolución do 15 de febreiro de 2016, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de emerxencia social e para a realización de viaxes por razóns de interese social, asistencial ou humanitario, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.*

BDNS (Identif.): 301420.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

As persoas emigrantes galegas e os/as seus/súas fillos/as, que posúan a condición de persoas galegas residentes no exterior de acordo co establecido no parágrafo seguinte.

Para os efectos da presente convocatoria, terán a condición de persoas galegas residentes no exterior aquelas persoas emigrantes que nacesen en Galicia ou ben acrediten ter residido en Galicia de forma continuada durante dez anos con nacionalidade española, así como tamén os/as seus/súas fillos/as, que teñan nacionalidade española e que se encontren vinculados con calquera concello galego no Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE) ou no Censo electoral de residentes ausentes que viven no estranxeiro (CERA).

Excepcionalmente, para o caso de que estas persoas teñan que realizar unha viaxe e non se poidan valer por si mesmas, tamén poderá ser beneficiaria unha persoa acompañante.

Segundo. *Obxecto*

A concesión de axudas dirixidas a persoas emigrantes de nacionalidade española e de orixe galega residentes no exterior, que carezan dos recursos económicos necesarios para



atender situacións sobrevidas de carácter extraordinario de emerxencia social, sanitaria ou asistencial, que precisen dunha actuación urxente, para evitar ou paliar situacións de necesidade ou exclusión social, así como as que teñan por obxecto sufragar os custos das viaxes que teñan que realizar, por razóns destas características.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 15 de febreiro de 2016, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de emerxencia social e para a realización de viaxes por razóns de interese social, asistencial ou humanitario, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016

Cuarto. *Importe*

Para a concesión das subvencións convocadas destinarase un crédito de 25.000 euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata o 30 de novembro de 2016, ambos os dous incluídos.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2016

Antonio Rodríguez Miranda  
Secretario xeral da Emigración

